

Praza número: 25/026

Número de prazas: 1

Categoría: PROFESOR/A TITULAR DE UNIVERSIDAD

Área de coñecemento: Fundamentos da Análise Económica

Departamento: Economía

Centro: Facultade de Economía e Empresa

ACTA DE CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN

Sendo as 12:30 horas do día 18 de decembro de 2025, e cumpríndose os requisitos que establece o art. 17.2. da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como o establecido na Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador da Universidade da Coruña, aprobada por Consello de Goberno o 7 de novembro de 2024, constitúese a comisión de selección do concurso arriba indicado, coa asistencia dos seguintes membros que manifestan que non están incurso en ningunha das causas de abstención previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, nin en ningunha das situacións que se poidan cualificar de conflito de intereses, establecidas no artigo 32.4 do Real decreto 678/2003:

Presidencia: MÉNDEZ NAYA, JOSÉ, Profesor Titular de Unviersidad, Universidade da Coruña

Secretaría: SÁNCHEZ DE PAZ, ELENA, Profesora Titular de Universidad, Universidade da Coruña

Vogal 1º DUARTE PAC, ROSA, Catedrática de Universidad, Universidad de Zaragoza

Vogal 2º: FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, MELCHOR, Catedrático de Universidad, Universidade de Santiago de Compostela

Vogal 3º SOSVILLA RIVERO, SIMÓN, Catedrático de Universidad, Universidad Complutense de Madrid

A continuación, a comisión, segundo o apartado 7.8. e o anexo IV da Normativa indicada, establece os criterios para a valoración das probas, que se anexan como Acta de criterios de valoración e que se publicarán no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da Universidade da Coruña (UDC) con anterioridade á convocatoria para o acto de presentación.

INCIDENCIAS Á ACTA DE CONSTITUCIÓN

Rematado o acto, a presidencia dá por levantada a sesión. E para que conste, asino a presente acta como secretaría, coa conformidade da presidencia.

A presidencia,

A secretaría,

Praza número: 25/026

Número de prazas: 1

Categoría: PROFESOR/A TITULAR DE UNIVERSIDAD

Área de coñecemento: Fundamentos da Análise Económica

Departamento: Economía

Centro: Facultade de Economía e Empresa

ACTA DE CRITERIOS DE VALORACIÓN

Constituída a comisión de selección do concurso de méritos para a provisión da praza arriba indicada, coa asistencia de:

Presidencia:	MÉNDEZ NAYA, JOSÉ, Profesor Titular de Unviersidad, Universidade da Coruña
Secretaría:	SÁNCHEZ DE PAZ, ELENA, Profesora Titular de Universidad, Universidade da Coruña
Vogal 1º	DUARTE PAC, ROSA, Catedrática de Universidad, Universidad de Zaragoza
Vogal 2º:	FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, MELCHOR, Catedrático de Universidad, Universidade de Santiago de Compostela
Vogal 3º	SOSVILLA RIVERO, SIMÓN, Catedrático de Universidad, Universidad Complutense de Madrid

Procédese, de acordo co disposto no apartado 7.8 e seguindo as directrices establecidas no anexo IV da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador da Universidade da Coruña, aprobada por Consello de Goberno o 7 de novembro de 2024, a establecer e publicar no TEO da UDC os criterios de valoración nos que se fundamentará o devandito procedemento de selección, que serán os que a continuación se indican:

1. Experiencia docente (máx. 45 puntos)

Valorarase a docencia universitaria en titulacións especiais e a calidade docente, que incluírá, entre outros aspectos, a avaliación no programa Docentia, a elaboración de manuais e libros de texto con finalidade docente universitaria, a participación en proxectos e grupos de innovación, a realización de estadias docentes, a mobilidade docente, os premios e os recoñecementos docentes e a formación docente impartida e recibida.

2. Experiencia investigadora e de transferencia (máx. 45 puntos)

Valorarase as publicacións científicas, as comunicacións en reunións científicas, as bolsas e os contratos pre e posdoutorais, a realización de estadias pre e posdoutorais, a dirección de teses de doutoramento, a participación en proxectos de investigación de convocatorias competitivas e en convenios de investigación, así como a realización de accións de transferencia e divulgación.

3. Experiencia profesional e de xestión (máx. 10 puntos)

Valorarase a experiencia profesional na especialidade de coñecemento do concurso e a experiencia de xestión: traballo desempeñado en dirección e xestión universitaria ou científica a través de cargos académicos, coordinación de titulacións, dirección de revistas ou editoriais científicas e participación en axencias de avaliación.

Proxecto docente e proxecto investigador

Na valoración do proxecto docente terase en conta, polo menos, a adecuación do proxecto á descrición da materia na memoria do título, a calidade e a coherencia dos seus contidos, a súa calidade formal, ben como a claridade na súa exposición oral e a capacidade de resposta ás cuestións que formule a comisión de selección. (max. 50 puntos)

Na valoración do proxecto investigador terase en conta, polo menos, a súa adecuación á especialidade de coñecemento, a calidade e a viabilidade da proposta e o impacto científico-técnico esperado. (max. 50 puntos)

Rematado o acto, a presidencia dá por levantada a sesión. E para que conste, asino a presente acta como secretaría, coa conformidade da presidencia.

A presidencia,

A secretaría,